

Concello
Parada de Sil

Edita
Concello de Parada de Sil

Coordinación do Proxecto
Jorge Morales Miranda

Dirección científica
Eduardo Breogán Nieto Muñiz


Redacción
Mercedes Martínez Modroño

Deseño e maquetación
Patricia Juliá Siracusa (Miel&Limón Estudio Gráfico)

Cartografía
Carlos Fernández Gurriarán (Publicaciones Cartográficas SL)


D.L. OU-153-2011

Concello de Parada de Sil
Praza do Campo da Feira N°1
32740 Parada de Sil (Ourense)
T. +34 988 208010. www.paradadesil.es



Luces e interrogantes da necrópole medieval de San Vitor

Parada de Sil



Visita autoguiada
galego

O estudo desta importante necrópole suscita novos interrogantes

Estás visitando un lugar do pasado no que se desenvolve unha investigación arqueolóxica. Por forza aínda é incompleta: os traballos avanza cara a aclaración das incógnitas que o xacemento de San Vitor aínda non revelou.

Atoparás catro postes numerados que se corresponden con este texto, nos lugares indicados no mapa.

1 A principios de 2010, este era un lugar case invisible entre a mesta vexetación. No alto dun penedo unha vella torreta de condución eléctrica e algunhas tumbas antropomorfas moi erosionadas. Aquel verán comezan as escavacións con resultados alentadores: a prospección no alto do penedo descubre o contorno do que foi a capela de San Vitor, pero ademais sospéitase que pode haber moitas máis sepulturas.

A escavación continúa o ano seguinte, atopando perto de corenta sepulturas, e toma corpo a idea de que esta capela e o cemiterio aos seus pés estaban dalgún xeito asociados a unha comunidade rural ben desenvolvida. Aparecen restos de cerámica cotiá de época medieval, tellas, un fragmento dunha pedra de muiño..., esborrállase a imaxe dun ermitán solitario nun recanto do monte.

Aínda que se datou a ocupación das tumbas entre o século IX e o XI, durante a escavación descóbreanse restos de materiais romanos, cerámica medieval e moedas do século XV: A importancia deste xacemento radica na súa magnitude, pero tamén no amplo lapso de tempo en que este lugar foi utilizado, se cadra mil anos, e no estado no que se conservou nos últimos séculos.

Ónde se situaba a aldea? De que materiais estaba construída? Cal será o tamaño da necrópole? Por que se abandonou? Por que razón se derrubou a capela?

2 Orientadas leste-oeste, mirando cara ao que sería un balcón que desde a capela, no penedo, se abría á explanada, cubertas con grandes lousas e seladas con argamasa: así eran estas sepulturas hai mil anos. Tras a análise volvéronse cubrir para devolverlles a súa aparencia orixinal.

No interior, un baleirado na rocha viva para recibir o corpo envolto nun sudario, coa forma da cabeza tallada. En sintonía, pois, con outros xacementos na Península, tanto cristiáns como musulmáns. En San Vitor, porén, hai aos pés das sepulturas unha prolongación, e en dúas delas un espazo cuadrangular, para o que no se coñecen paralelismos, e que os arqueólogos interpretaron como osarios. Estas sepulturas, pois, foron reaproveitadas, e esta hipótese cobra forza ao observar neste sector unha superposición de sepulturas.

¿Que levou aos nosos antepasados a este modelo funerario? Por que mantiñan no seu interior ósos de enterramentos anteriores? Que importancia tiña manter a postura da cabeza? Para quen estaban reservadas estas sepulturas?

3 No alto do penedo situábase a capela que aínda lembra a memoria dos veciños e que se rematou de derribar a mediados do século XIX.


Xa arriba, un gran buraco circular chamará a túa atención no interior do recinto do que foi a capela: é a pegada da antiga torreta de ferro para a vella Fábrica da Luz. Con paciencia distinguirás no penedo as marcas do recinto da capela, edificada en pedra. Nas fendas do chan, agora cubertas de grava, atopáronse restos de ósos, una moeda do século XV, restos de tellas e de tégula romana, o que suxire a hipótese de que a capela se edificara sobre os restos dunha construción anterior, se cadra una atalaia romana. E mirando desde aquí cara as tumbas, atoparás os indicios do que debeu ser un balcón de madeira.

Nesta superficie da rocha áchanse catro sepulturas, das cales unha é moi singular por atoparse dentro do que foron os muros. Probablemente sexa anterior ás outras, e está construída con laxes reaproveitadas, quizais dunha ruína previa. Era un lugar destacado, e de certo para un ou varios defuntos importantes, pero *Quen? De onde proceden estes fragmentos? Víase unha aldea desde o balcón? Que significaba para estas persoas esta paisaxe aínda impresionante? Cando comezou a ocupación deste lugar?*

4 Esta é unha das maiores necrópole rupestres coñecida a día de hoxe, documentada e escavada, de toda Galicia. A capela e o xacemento en xeral reflicten o que era a organización social e relixiosa inmediatamente anterior á reforma parroquial do século XII, cando se adopta o esquema parroquial de igrexa, pobo e cemiterio, nunha estruturación do territorio que chegará aos nosos días.

Este non era un lugar illado, porque os camiños principais pasan a escasos metros. A capela non indica que houbera un eremita, senón que se trata dun lugar de culto, quizais vinculado a unha evolución do primeiro cristianismo do mundo tardo antigo.

Este enclave de soidade e natureza agreste que contemplas desde aquí puido ter sido unha das vías principais de comunicación durante séculos, que xunto á capela e necrópole, eran un lugar importante nunha organización social anterior á que coñecemos hoxe... de cando as aldeas eran outras, de cando os ritos funerarios eran diferentes, de cando a igrexa non configurara a parroquia como unidade administrativa.



Para manterse informado das novidades de San Vitor
<http://sanvitordebarxacova.wordpress.com/>
<http://www.paradadesil.es/>

Para saber máis

López Quiroga, Jorge: *Arqueología del mundo funerario en la Península Ibérica (siglos V-X)*. Ediciones de la Ergástula, Madrid, 2010.